

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 28 DE NOVEMBRO DE 2022

### ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Ángel Alvareño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D<sup>a</sup>. Ana Rosa Pena Barcia (PSG-PSOE)

D. Gonzalo Ferreiro Rego (ídem)

D<sup>a</sup>. Verónica Vigo Santamariña (ídem)

D. Ángel Salvador García Cordero (ídem)

D<sup>a</sup>. Ángeles Puentes Maceiras (ídem)

D. Eduardo Rodríguez Rey (ídem)

D<sup>a</sup>. Soraya María Fernández Leal (ídem)

D. José Manuel Sanmartín Fornos (ídem)

D. Eduardo José Pereira Armoso (PP)

D. Roberto Rey Fernández (ídem)

D<sup>a</sup>. Cristina Bouza Bellón (BNG-G. Mixto)

D. Carlos Caaveiro Puentes (MOVENEDA-G. Mixto)

*Na Casa da Cultura da Vila de Neda, sendo as doce horas e sete minutos do día vinte e oito de novembro de dous mil vinte e dous, convocado en forma regulamentaria, reúnese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvareño Saavedra, en sesión de carácter ordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan, que son todos os integrantes da Corporación. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez, asistindo tamén a Interventora desta entidade, D<sup>a</sup>. Sonia Lorenzo Barbeito.*

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

Previamente, a Presidencia xustifica a realización da sesión plenaria na Casa da Cultura en lugar de celebrarse no Salón de Sesións, co obxecto de dar continuidade aos protocolos de seguridade e saúde inicialmente establecidos como consecuencia da pandemia covid-19.

### **1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 07/11/2022.**

O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á citada acta, con 12 votos a favor e 1 abstención do Sr. Caaveiro Puentes, motivada pola súa inasistencia á referida sesión.

### **2º.-DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DO 30/2022 AO 37/2022.**

O Pleno toma coñecemento dos citados Decretos, copia dos cales quedan a disposición dos corporativos.

### **3º.-RATIFICACIÓN DOS DECRETOS 35/2022, 36/2022 E 37/2022 DA ALCALDÍA REFERENTE A DESIGNACIÓN DO REPRESENTANTE MUNICIPAL NOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO DO CONCELLO.**

Previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, o Pleno coñece dos

seguintes Decretos da Alcaldía-Presidencia:

**DECRETO 35/2022 DA ALCALDÍA**

**Designación de representante municipal no Consello Escolar do IES Fernando Esquíu.**

Visto o escrito do día 02/11/2022, recibido nas oficinas municipais o día 08/11/2022 e rexistrado nesa mesma data co n.º. 1238 no Rexistro Xeral de Entrada de Documentos desta entidade local, que asina a Directora do citado centro educativo e Presidenta da Xunta Electoral, D<sup>a</sup>. María José Carballo Prieto, no que, en virtude da Resolución do día 19 de setembro de 2022 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario de eleccións de membros dos consellos escolares de centros sostidos con fondos públicos (DOG do 30 de setembro de 2022) e en cumprimento do disposto no artigo 33 do Decreto 92/1988, de 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, de 26 de xullo (DOG do 9 de agosto), solicita a designación de representante do Concello para formar parte como membro de dereito no Consello Escolar do citado Centro, pregan que a designación sexa comunicada á Xunta Electoral do IES Fernando Esquíu antes do día 12/11/2022, por ser a data establecida na normativa reguladora dos Consellos Escolares.

Dada a urxencia na resolución deste asunto, motivada polo escaso período de tempo existente entre a recepción da solicitude e o prazo para a súa contestación,

RESOLVO:

1º.- Designar á Concelleira de Educación, D<sup>a</sup>. Ángeles Puentes Maceiras, como representante deste Concello no citado Consello Escolar, exercendo a suplencia, no seu caso, o propio Alcalde do Concello, Ángel Alvariño Saavedra.

2º.- Notificar sta resolución ao citado Centro educativo e á Concelleira nomeada.

3º.- Deste acordo darase conta á Xunta de Goberno, para o seu coñecemento e ao Pleno da Corporación, para a súa ratificación, si procede, nas primeiras sesións que celebren.

**DECRETO 36/2022 DA ALCALDÍA**

**Designación de representante municipal no Consello Escolar do CEIP San Isidro de Neda.**

Visto o escrito do día 09/11/2022, presentado, nesa mesma data, na sede electrónica desta entidade local e rexistrado co n.º. 202299900000657 no Rexistro Xeral de Entrada de Documentos, que asina a Xefa de Estudos do citado centro educativo, D<sup>a</sup>. Susana Sánchez Doce, no que, en virtude da Resolución do día 19 de setembro de 2022 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario de eleccións de membros dos consellos escolares de centros sostidos con fondos públicos (DOG do 30 de setembro de 2022) e en cumprimento do disposto no artigo 33 do Decreto 92/1988, de 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, de 26 de xullo (DOG

do 9 de agosto), solicita a designación de representante do Concello para formar parte como membro de dereito no Consello Escolar do citado Centro, pregan que a designación sexa comunicada á Xunta Electoral do CEIP San Isidro de Neda antes do día 22/11/2022, por ser a data de proclamación de candidatos segundo o calendario electoral previsto.

Dada a urxencia na resolución deste asunto, motivada polo escaso período de tempo existente entre a recepción da solicitude e o prazo para a súa contestación,

**RESOLVO:**

1º.- Designar á Concelleira de Educación, D<sup>a</sup>. Ángeles Puentes Maceiras, como representante deste Concello no citado Consello Escolar, exercendo a suplencia, no seu caso, o propio Alcalde do Concello, Ángel Alvariño Saavedra.

2º.- Notificar sta resolución ao citado Centro educativo e á Concelleira nomeada.

3º.- Deste acordo darase conta á Xunta de Goberno, para o seu coñecemento e ao Pleno da Corporación, para a súa ratificación, si procede, nas primeiras sesións que celebren.

#### DECRETO 37/2022 DA ALCALDÍA

Designación de representante municipal no Consello Escolar do CEIP Maciñeira.

Visto o escrito do día 11/11/2022, remitido mediante e-mail do día 14/11/2022 e rexistrado, nesa mesma data, rexistrado co nº. 1259 no Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, que asina a Directora do citado centro educativo, D<sup>a</sup>. Carmen Colodrón Villar, no que, en virtude da Resolución do día 19 de setembro de 2022 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario de eleccións de membros dos consellos escolares de centros sostidos con fondos públicos (DOG do 30 de setembro de 2022) e en cumprimento do disposto no artigo 33 do Decreto 92/1988, de 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, de 26 de xullo (DOG do 9 de agosto), solicita a designación de representante do Concello para formar parte como membro de dereito no Consello Escolar do citado Centro e prega que a designación sexa comunicada á Xunta Electoral do CEIP Maciñeira antes do día 18/11/2022, por ser a data de proclamación de candidatos segundo o calendario electoral previsto.

Dada a urxencia na resolución deste asunto, motivada polo escaso período de tempo existente entre a recepción da solicitude e o prazo para a súa contestación,

**RESOLVO:**

1º.- Designar á Concelleira de Educación, D<sup>a</sup>. Ángeles Puentes Maceiras, como representante deste Concello no citado Consello Escolar, exercendo a suplencia, no seu caso, o propio Alcalde do Concello, Ángel Alvariño Saavedra.

2º.- Notificar sta resolución ao citado Centro educativo e á Concelleira nomeada.

3º.- Deste acordo darase conta á Xunta de Goberno, para o seu coñecemento e ao Pleno da Corporación, para a súa ratificación, si procede, nas primeiras sesións que celebren.

**VOTACIÓN:** O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, presta aprobación á ratificación dos citados decretos da Alcaldía-Presidencia.

**4º.-MODIFICACIÓN DE PROXECTOS INCLUIDOS NO FINANCIAMENTO DE INVESTIMENTOS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+2022”, DEBIDO A DECLARACIÓN DESERTA DAS LICITACIÓN S CONVOCADAS.**

Previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, pola Alcaldía fórmulase a seguinte proposta:

“O Pleno deste Concello, en sesión celebrada o día 31/01/2022, e modificado polo tomado en sesión do 30/05/2022, acordou, entre outros extremos, participar no indicado Plan e solicitar á Deputación Provincial da Coruña, a aplicación da achega asignada para o financiamento con cargo á “achega provincial 2021”, para os seguintes investimentos, para os que igualmente aprobou os correspondentes proxectos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración (Investimentos financeiramente sostibles)	Deputación	Concello		Orzamento total
Achega municipal			IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Pavimentación de camiños en Murallón.	38.739,52				38.739,52
Pavimentación, limpeza de cunetas e marcado viario na rede viaria de Anca, entre os viais AC-862 e AC-121.	48.717,76				48.717,76

Aprobados os expedientes de contratación e iniciados os correspondentes procedementos de adxudicación (por dúas veces), resulta que non concorreron licitadores polo que, pola Xunta de Goberno Local (órgano de contratación) declaráronse desertas as licitacións, segundo se recolle na seguinte táboa:

Investimento	Data Aprob. Expdte.	Data publicación licitación	Data declarac. Deserta
Pavimentación de camiños en Murallón	19/09/2022	22/09/2022	13/10/2022
		20/10/2022	14/11/2022
Pavimentación, limpeza de cunetas e marcado viario na rede viaria de Anca, entre os viais AC-862 e AC-212	19/09/2022	22/09/2022	13/10/2022
		20/10/2022	14/11/2022

A Xunta de Goberno Local, estimando que a falla de concorrencia de licitadores obedece aos baixos prezos dos proxectos, xa que foron elaborados nun momento en que as circunstancias económicas eran distintas, pois na actualidade e motivado especialmente pola guerra de Ucraína, tanto a enerxía como as materias primas, experimentaron un exorbitante aumento dos prezos, ordenou o traslado dos proxectos aos Servizos Técnicos Municipais a fin de que se procedese á revisión dos importes contemplados nos mesmos co fin de adecualos ás actuais circunstancias do mercado, acordos tomados nas datas que se indican:

Investimento	Data do acordo da XGL.
Pavimentación de camiños en Murallón	14/11/2022
Pavimentación, limpeza de cunetas e marcado viario na rede viaria de Anca, entre os viais AC-862 e AC-212	14/11/2022

En cumprimento dos citados acordos elabóranse polos Servizos Técnicos Municipais os modificados dos proxectos, de xeito que a modificación alcanza unicamente aos prezos dos mesmos, manténdose inalterables as restantes partes dos proxectos, que tras a revisión dos prezos efectuada, ascenden aos seguintes importes:

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DOS INVESTIMENTOS				
Denominación da obra ou subministración (Investimentos financeiramente sostibles)	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Pavimentación de camiños en Murallón.	38.739,52			24.620,40	63.359,92
Pavimentación, limpeza de cunetas e marcado viario na rede viaria de Anca, entre os viais	48.717,76			25.065,78	73.783,54

AC-862 e AC-121.					
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2022</b>	<b>87.457,28</b>			<b>49.686,18</b>	<b>137.143,46</b>

Con base no anterior propónse:

1º.- Aprobar os proxectos modificados das obras que se recollen nos seguintes cadros incluídas no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022” da Deputación Provincial da Coruña, co financiamento que se detalla:

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DOS INVESTIMENTOS				
	Denominación da obra ou subministración (Investimentos financeiramente sostibles)	Deputación	Concello		Orzamento total
Achega municipal			IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Pavimentación de camiños en Murallón.	38.739,52			24.620,40	63.359,92
Pavimentación, limpeza de cunetas e marcado viario na rede viaria de Anca, entre os viais AC-862 e AC-121.	48.717,76			25.065,78	73.783,54
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2022</b>	<b>87.457,28</b>			<b>49.686,18</b>	<b>137.143,46</b>

2º.- Comprometerse a dotar contía suficiente na correspondente aplicación orzamentaria para o financiamento da aportación municipal.

3º.- Dar traslado deste acordo á Deputación Provincial da Coruña, aos efectos correspondentes.

**VOTACIÓN:** O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, presta aprobación á transcrita proposta da Alcaldía-Presidencia.

**5º.-MODIFICACIÓN DE PROXECTO MODIFICADO PARA A EXECUCIÓN DA OBRAS “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO EN ARDÁ” – INCLUÍDAS EN PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN AS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 2/2022, DEBIDO A DECLARACIÓN DESERTA DA LICITACIÓN CONVOCADA.**

Pola Alcaldía-Presidencia formúlase a seguinte proposta:

Dáse conta de que o Pleno deste Concello, en sesión celebrada o día 31/01/2022 e modificado polo tomado en sesión do 30/05/2022, acordou, entre outros extremos, participar no indicado Plan e igualmente aprobou o Plan Complementario, así como os proxectos dos investimentos, entre eles os que posteriormente foron aprobados e sometidos ao correspondente procedemento de contratación:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento contrata</b> (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) <b>(A)</b>	<b>IVE soportado deducible</b> (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) <b>(B)</b>	<b>Orzamento subvencionable</b> (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) <b>(C=A-B)</b>
Pavimentación de camiño en Ardá	46.041,71		46.041,71
Renovación de beirarrúas, abastecemento de auga e rede de pluviais en Avda. de Algeciras, entre rúa Roseira e Camiño do Regueiro	102.079,51	2.103,48	99.976,03

Aprobados os expedientes de contratación e iniciados os correspondentes procedementos de adxudicación, resulta que para as obras de “Pavimentación de camiño en Ardá” non concorreron licitadores polo que, pola Xunta de Goberno Local (órgano de contratación), en sesión celebrada o día 24/10/2022, declarou deserta a licitación e, en sesión celebrada o día 21/11/2022, estimando que a falla de concorrencia de licitadores, como xa aconteceu con outras obras incluídas no POS, obedece aos baixos prezos dos proxectos, xa que foron elaborados nun momento en que as circunstancias económicas eran distintas, pois na actualidade e motivado especialmente pola guerra de Ucraína, tanto a enerxía como as materias primas, experimentaron un exorbitante aumento dos prezos, ordenou o traslado do proxectos aos Servizos Técnicos Municipais a fin de que se procedese á revisión dos importes contemplados no mesmo co fin de adecualos ás actuais circunstancias do mercado.

En cumprimento do citado acordo elabóranse polos Servizos Técnicos Municipais o modificado do proxecto, de xeito que a modificación alcanza unicamente aos prezos do mesmo, manténdose inalterables as restantes partes do proxecto, que tras a revisión dos prezos efectuada, ascende ao importe de 71.255,85 € (58.889,13 € + 12.366,72 € do IVE).

Con base no anterior propónse:

1º.- Aprobar o proxecto modificado das obras de “Pavimentación de camiño en Ardá” incluídas en plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) pos+ complementario 2/2022, co financiamento que se indica no seguinte cadro:

Investimentos      financeiramente      sostibles	<b>FINANCIAMENTO DOS INVESTIMENTOS</b>
---	--

incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 (POS+ adicional 2/2022)	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
Pavimentación de camiño en Ardá	46.041,71			25.214,14	71.255,85

2º.- Comprometerse a dotar contía suficiente na correspondente aplicación orzamentaria para o financiamento da aportación municipal.

3º.- Dar traslado deste acordo á Deputación Provincial da Coruña aos efectos correspondentes.

**VOTACIÓN:** O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, presta aprobación á transcrita proposta da Alcaldía-Presidencia.

**6º.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS MC 28/2022, SUBEXPEDIENTE 1/2022 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.**

Previo ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Contas, o Pleno coñece deste expediente no que se contén a seguinte proposta da Alcaldía:

“Elaborada a Memoria da Alcaldía, pola que se incoa o presente expediente e se xustifica a necesidade do mesmo, tal e como se establece na base 4ª das de execución do orzamento, e solicitados os informes correspondentes da intervención municipal.

Vistos os informes da Intervención municipal relativos á fiscalización do expediente de modificación de créditos MC 28/2022 (suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do exercicio 2021), para atender a seguinte necesidade, considerada urxente e inaprazable, e derivada da existencia dunha serie de facturas presentadas por un provedor no exercicio actual, pero que derivan de traballos de arranxo en diferentes instalacións eléctricas do Concello, que foron encargadas con anterioridade (algunhas incluso en exercicios anteriores); de xeito tal que o provedor non facturou as mesmas tras realizar o servizo, senón que meses despois, incluso nalgún caso despois de transcorrer máis de 1 ano.

Considerando asemade, que dado o volume de execución alcanzado en determinadas partidas de gasto, o crédito dispoñible na partida ou na propia bolsa de vinculación xurídica resultará insuficiente para atender o gasto que supoñen tales facturas; así como o gasto ordinario, periódico e previsible que se producirá de aquí ata finais de exercicio e imputable ás partidas afectadas; faise necesario suplementar as partidas que se van relacionar a continuación.

Considerando, polo tanto, necesario tramitar o presente expediente de modificación de créditos MC 28/2022 (subexpediente 01/2022 de Suplemento de Crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais).

Esta Alcaldía emite a seguinte proposta, para que polo Pleno se adopten os acordos correspondentes:



1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 28/2022** de **Suplemento de Crédito**, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería resultante da liquidación do exercicio 2021 na parte pendente de emprego, por importe de **ata 27.798,83 euros**, de acordo co seguinte esquema:

**A) SUPLEMENTO DE CRÉDITO**

**Aumentos nas partidas de gastos**

PARTIDA		DESCRIPCION	C.INICIAIS + MODIFIC	SUPLEME NTO DE CRÉDITO	C.FINAIS
Progr	Económ				
160	22799	Sumidoiros; outros traballos realizados por empresas e profesionais	125.000,00	5.487,11	130.487,11
165	22799	Alumeado público; outros traballos realizados por empresas e profesionais	35.232,00	10.167,16	45.399,16
165	62300	Alumeado público; investimento en maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe	10.000,00	4.472,45	14.472,45
330	22799	Admin. xeral cultura; outros traballos realizados por empresas e profesionais	11.804,00	4.791,60	16.595,60
341	22799	Promoción e fomento deporte; outros traballos realizados por empresas e profesionais	87.387,24	642,01	88.029,25
450	22799	Infraestruturas; outros traballos realizados por empresas e profesionais	0,00	2.238,50	2.238,50
<b>Total.....</b>			<b>269.423,24</b>	<b>27.798,83</b>	<b>297.222,07</b>

**Financiamento**

En canto ao financiamento do expediente, este realizase con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do ano 2021 (importe dispoñible pendente de emprego), calculado de acordo co establecido pola lexislación vixente. Á devandita forma de financiamento lle corresponde o seguinte detalle:

**Alta na partida de ingresos**

DESCRIPCION		IMPORTE
Económica		
87000	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.	27.798,83
<b>Total.....</b>		<b>27.798,03</b>

2.- Expoñer este expediente de modificación de créditos ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo pazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presenten reclamacións ao acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo publicarse a dita modificación do Orzamento, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.”’

**DEBATE:** ficheiro resultante da grabación audiovisual da sesión.

**VOTACIÓN:** O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á transcrita proposta, con 9 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, 1 voto en contra da Sra. Concelleira de BNG e 3 abstencións dos Sres. Concelleiros de PP e MOVENEDA.

### **7º.-EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº. 11/2022.**

Previo ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Contas, pásase a coñecemento do Pleno este expediente xunto coa seguinte proposta da Alcaldía:

**“ASUNTO: RECOÑECIMIENTO DE OBRIGAS PROCEDENTES DE EJERCICIOS ANTERIORES E TAMÉN DO ACTUAL, CON CARGO AO ORZAMENTO DO ANO 2022, (EXPEDIENTE Nº 11/2022 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS)**

#### **EXPEDIENTE EN TEDEC Nº: 2022/T003/000055**

Chegadas as datas actuais, resulta que durante este mes de novembro tiveron entrada no rexistro de facturas do Concello unha serie de facturas relativas a servizos e/ou subministracións que tiveron lugar no exercicio actual pero tamén en exercicios anteriores (2021 e 2020) emitidas polo mesmo provedor, e que non foron emitidas nin remitidas ao Concello no prazo establecido para elo.

Resulta entón que dadas as datas nas que nos atopamos, e o grado de execución que se está a alcanzar no orzamento actual, sobre todo en partidas relativas á prestación de servizos básicos, non resulta aconsellable aplicar ao orzamento actual as facturas correspondentes a servizos prestados neste ano, xa que pode resultar que a finais de ano non haxa crédito nas aplicacións correspondentes para poder seguir aplicando os gastos periódicos e/ou repetitivos. Toda vez que para o caso das facturas correspondentes a traballos realizados nun exercicio anterior ao actual, e de acordo co previsto nas Bases de Execución do Orzamento, o órgano competente para a súa aprobación é o Pleno Municipal. Todo isto por canto que, asemade da falta de crédito para aprobar estes gastos,

hai un desfase temporal dende que se prestou o subministro e/ou servizo, ata que se factura polo proveedor, sen que existira un compromiso de gasto previo.

Por todo isto, e tendo en conta o principio de anualidade orzamentaria regulado no TRLRFL e no Real decreto 500/1990; iniciouse por parte desta Alcaldía a través dunha providencia de inicio o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Tendo en conta o informe emitido ao efecto pola Interventora municipal, Considerando que efectivamente o Concello non ten a obriga de soportar o IVA correspondente a aquelas facturas nas que ten transcorrido máis de 1 ano dende que se produciu o seu devengo, sen que a empresa emitira en prazo tales facturas, de acordo co previsto no artigo 88.4 da Lei 37/1992, reguladora do IVA e consultas da Dirección Xeral de Tributos emitidas ao efecto.

Pero co fin de evitar prexuízos económicos para o concello derivados do incumprimento dos prazos máximos de pago, e dado que se trata de gastos nos que efectivamente se incorreu no exercicio actual ou en anteriores, pero que non puideron ser aplicados ao exercicio correspondente por non ser presentados polo proveedor,

Esta alcaldía propuxo entón a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar as facturas incluídas na relación EXPEDIENTE RECOÑECIMIENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS 11/2022 por importe de 24.346,79€, cuxo detalle figura a continuación, condicionado á entrada en vigor da modificación orzamentaria 28/2022, de SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

FACTURAS ELECTRICIDADE PERMUY S.L.				DESGLOSE IMPORTE FACTURA	
APLICACIÓN	Nº FACTURA	CONCEPTO	IMPORTE A APROBAR	BI	IVA
160 22799	AA22000368	INSTALACION BOMBEO PAZO MERCED	4.534,80	4534,80	952,31
165 22799	AA22000371	TRABALLOS VARIOS	1.150,00	1150,00	241,50
165 22799	AA22000379	REPOSICION CABLE ROUBADO MACIÑEIRA	968,00	800,00	168,00
165 22799	AA22000382	REPARACION AVERIA ALUMEADO MACIÑEIRA	508,20	420,00	88,20
165 22799	AA22000378	REPOSICION CABLE ROUBADO MACIÑEIRA	1.010,35	835,00	175,35
165 22799	AA22000383	REPOSICION CABLE ROUBADO MACIÑEIRA	1.661,81	1373,40	288,41
165 22799	AA22000381	REPOSICION CABLE ROUBADO PASEO NEDA	968,00	800,00	168,00
165 22799	AA22000380	FORMIGONADO ARQUETAS	822,80	680,00	142,80

165 22799	AA22000377	INSTALACION PROXECTORES PASOS PEONS	797,29	658,92	138,37
165 22799	AA22000376	REPOSICION CABLE RIO BASTEIRO	701,42	579,69	121,73
165 22799	AA22000375	REPOSICION CABLE X. MORGADO	470,67	388,98	81,69
165 22799	AA22000374	CAMBIO CADRO ALUMEADO C. POUSO	716,63	716,63	150,49
165 62300	AA22000370	INSTALACION PUNTO LUZ ANCA	1.224,80	1224,80	257,21
165 62300	AA22000369	INSTALACION PUNTOS LUZ C. POUSO	2.471,44	2471,44	519,00
330 22799	AA22000367	INSTALACION AULA AUDIOVISUAL	3.960,00	3960,00	831,60
341 22799	AA22000373	RED PAVILLON ROXAL	249,60	249,60	52,42
341 22799	AA22000372	CHAPAS PAVILLON ROXAL	280,98	280,98	59,01
450 22799	AA22000366	INSTALACION CAMARAS NAVE SEAT	1.850,00	1850,00	388,50
			<b>24.346,79</b>	<b>22.974,24</b>	<b>4.824,59</b>

**SEGUNDO.-** Que logo de aprobada definitivamente a modificación orzamentaria N° 28/2022 de SUPLEMENTO DE CRÉDITO (subexpediente 01/2022) que tamén se vai someter a consideración do Pleno Municipal, publicada no Boletín Oficial da Provincia tal como corresponde á aprobación definitiva, as facturas queden aprobadas, ao entender que coa modificación orzamentaria que se propón, existe crédito suficiente e adecuado.

**TERCEIRO.-** Que a aprobación deste gasto dea lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente xeren, continuándose co procedemento, unha vez se poidan considerar recoñecidas as obrigas polo Pleno Municipal, segundo o reparto de competencias vixentes no concello.

**CUARTO.-** Notificarlle este acordo á/s persoa/s interesada/s e comunicarllo aos servizos municipais afectados para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

Tendo en conta que se fixo necesario rectificar as facturas inicialmente emitidas pola empresa a fin de que aquelas nas que non se ía aprobar o importe do IVE se emitiran xa sen IVE, a empresa procedeu a refacturar as facturas anteriores cando xa estaba convocada a Comisión Informativa de Economía, Facenda e Contas, de xeito tal que se modificaron os número de facturas e o desglose de base imponible e IVE das mesmas, pero sen afectar ao importe total deste expediente.

Á vista do aquí exposto, proponse entón por parte desta Alcaldía que o apartado primeiro da proposta quede redactado do seguinte xeito, permanecendo idénticos o resto de apartados da proposta desta Alcaldía-Presidencia:

**PRIMEIRO.-** Aprobar un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar as facturas incluídas na relación EXPEDIENTE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 11/2022 por importe de 24.346,79€, cuxo detalle figura a continuación, condicionado á entrada en vigor da modificación orzamentaria 28/2022, de SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

<b>FACTURAS ELECTRICIDADE PERMUY S.L.</b>	<b>DESGLOSE IMPORTE</b>
---	-------------------------

APLICACIÓN	Nº FACTURA	CONCEPTO	IMPORTE A APROBAR	FACTURA	
				BI	IVA
160 22799	AA22000405	INSTALACION BOMBEO PAZO MERCED	4.534,80	4.534,80	0,00
165 22799	AA22000401	TRABALLOS VARIOS	1.150,00	1.150,00	0,00
165 22799	AA22000410	REPOSICION CABLE ROUBADO MACIÑEIRA	968,00	800,00	168,00
165 22799	AA22000413	REPARACION AVERIA ALUMEADO MACIÑEIRA	508,20	420,00	88,20
165 22799	AA22000409	REPOSICION CABLE ROUBADO MACIÑEIRA	1.010,35	835,00	175,35
165 22799	AA22000414	REPOSICION CABLE ROUBADO MACIÑEIRA	1.661,81	1.373,40	288,41
165 22799	AA22000412	REPOSICION CABLE ROUBADO PASEO NEDA	968,00	800,00	168,00
165 22799	AA22000411	FORMIGONADO ARQUETAS	822,80	680,00	142,80
165 22799	AA22000408	INSTALACION PROXECTORES PASOS PEONS	797,29	658,92	138,37
165 22799	AA22000407	REPOSICION CABLE RIO BASTEIRO	701,42	579,69	121,73
165 22799	AA22000406	REPOSICION CABLE X. MORGADO	470,67	388,98	81,69
165 22799	AA22000404	CAMBIO CADRO ALUMEADO C. POUSO	716,63	716,63	0,00
165 62300	AA22000400	INSTALACION PUNTO LUZ ANCA	1.224,80	1.224,80	0,00
165 62300	AA22000399	INSTALACION PUNTOS LUZ C. POUSO	2.471,44	2.471,44	0,00
330 22799	AA22000397	INSTALACION AULA AUDIOVISUAL	3.960,00	3.960,00	0,00
341 22799	AA22000403	RED PAVILLON ROXAL	249,60	249,60	0,00
341 22799	AA22000402	CHAPAS PAVILLON ROXAL	280,98	280,98	0,00
450 22799	AA22000396	INSTALACION CAMARAS NAVE SEAT	1.850,00	1.850,00	0,00
			<b>24.346,79</b>	<b>22.974,24</b>	<b>1.372,55</b>

**DEBATE:** ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

**VOTACIÓN:** O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á transcrita proposta, con 9 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, 1 voto en contra da Sra. Concelleira de BNG e 3 abstencións dos Sres. Concelleiros de PP e MOVENEDA.

## **8º.-MOCIÓN DO BNG SOBRE A RETIRADA DO ESPAZO PÚBLICO DOS SÍMBOLOS DE EXALTACIÓN DA SUBLEVACIÓN MILITAR DA DITADURA E DOS SEUS DIRIXENTES.**

A portavoz do BNG, Sra. Bouza Bellón, defende a moción, do seguinte tenor literal:

### **Moción pola retirada do espazo público dos símbolos de exaltación da sublevación militar, da ditadura e dos seus dirixentes**

#### **Exposición de motivos:**

O proceso político iniciado en 1931 coa proclamación da II República deu paso a un período de avances políticos e sociais que culminou en xuño de 1936 coa aprobación en plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galiza. Era un tempo de esperanza, de apertura e de consolidación de proxectos de transformación e progreso da nosa Terra.

Mais este tempo de democracia, de incipiente autogoberno e de esperanza foi dramaticamente interrompido polo levantamento militar de xullo de 1936 que deu paso a unha cruenta e brutal represión durante todo o período da Ditadura franquista. Unha persecución, illamento e eliminación de persoas por razóns políticas que para moitos xuristas e investigadores ten as características dun auténtico **xenocidio**. A represión foi especialmente violenta entre 1936 e 1939 e materializouse en Galiza no asasinato de máis de 5.000 persoas e noutras múltiples formas de violencia física: encarceramentos masivos, violacións, malleiras, rapado do cabelo, inxesta de aceite de ricino. A imposición violenta da ideoloxía, da moral, da educación e dos valores franquistas afectou a toda a sociedade e os seus efectos prolongáronse no tempo máis alá de 1975.

Os crimes cometidos polo Estado franquista, condenado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas na Resolución 39, de 12 de decembro de 1946, como fascista e, por tanto, ilegal, están claramente definidos polo Estatuto do Tribunal de Nuremberg de 8 de agosto de 1945, como **crimes contra a humanidade**.

Tal e como recolle o artigo 15 da antiga Lei de Memoria Democrática de 2007 e volve incidir o artigo 35 da actual Lei de Memoria Democrática de 2022:

1. Considéranse elementos contrarios á memoria democrática as edificacións, **construcións**, escudos, insignias, placas e calquera outros elementos ou obxectos encostados a edificios públicos ou situados na **vía pública** nos que se realicen mencións conmemorativas en exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar e da Ditadura, dos seus dirixentes, participantes no sistema represivo ou das organizacións que sustentaron a ditadura, e as unidades civís ou militares de colaboración entre o réxime franquista e as potencias do eixo durante a Segunda Guerra Mundial.
2. Así mesmo, serán considerados elementos contrarios á memoria

democrática as referencias realizadas en topónimos, no **rueiro** ou nas denominacións de centros públicos, da sublevación militar e da Ditadura, dos seus dirixentes, participantes no sistema represivo ou das organizacións que sustentaron a ditadura e as unidades civís ou militares de colaboración entre o réxime franquista e as potencias do eixo durante a Segunda Guerra Mundial.

3. As **administracións públicas**, no exercicio das súas competencias e territorio, adoptarán as medidas oportunas para a retirada dos devanditos elementos

No libro de actas do concello de 1939 recóllese o acordo tomado pola xestora municipal imposta pola réxime franquista de construción dun xardín na Toeira. Especificamente na sesión do 3 de outubro explícase a decisión de colocar nese xardín un monumento de exaltación do golpe de Estado: "En la avenida José Antonio Primo de Rivera, sitio en el que se ha de instalar la Cruz de los Caídos".

Esta corporación municipal estaba presidida por **Gerardo Luaces** e ademais formaban parte Vicente Rodríguez, Manuel Montero, Antonio Mauriz, Juan López, Gustavo Cansado, Elisardo Foirá, Andrés Orosa, Severino Paz e Antonio Casal.

No xornal ferrolán, *El Correo Gallego* de domingo 17 de decembro de 1939, aparece o acto de inauguración de "la Cruz erigida en memoria de los caídos en el **Glorioso Movimiento Nacional** entre los lugares denominados Tuieira y Coto". Acto que consistiu nunha misa de campaña á que asistiron "las organizaciones de **Falange Española Tradicionalista y de las JONS**".

No arquivo municipal aparece a relación de nomes que debían aparecer na placa dos "Caídos de Neda". Ademais nese documento sinálase o estado civil, emprego e lugar de falecemento. Os trinta e un membros desta listaxe participaron, de xeito voluntario ou coaccionado, no exército sublevado co obxectivo de derrocar a legalidade republicana.

Nome	Falecemento
1. Francisco Vázquez Barros	1. "Crucero Baleares"
2. Manuel Díaz Montero	2. "Crucero Baleares"
3. Emilio Barrera Martínez	3.
4. José Fraguela Casal	4. Frente Zaragoza
5. Ángel Fraguela Casal	5. Ciempozuelos
6. José Francisco Castro García	6. "Crucero Baleares"
7. Pascual Barragán Ruiz	7. "Crucero Baleares"
8. Jesús Villar Rico	8.
9. Segundo Graña Barcia	9. Gijón
10. José Antonio Ferro	10. Batalla de Teruel
11. José López Casal	11. Batalla de Ebro
12. Paulino Pouso Permuy	12. "Crucero Baleares"

13. Cipriano Pereira Mauriz	13. Castellón
14. Francisco López Grandal	14. Lérida
15. Manuel Castro Torrente	15. "Crucero Baleares"
16. José Gondell Vázquez	16. C. Universitaria
17. Francisco Torrente Díaz	17. Desembarco Cartagena
18. Eduardo Torrente López	18. "Crucero Baleares"
19. Ramón Vázquez Díaz	19. Sigüenza
20. Víctor González Hermida	20. Asturias
21. Antonio Lago Ameneiros	21. Batalla Ebro
22. José García Casal	22. Batalla Ebro
23. José Fachal Fojo	23. Batalla Ebro
24. Jesús Blanco Rico	24. Luarca
25. Manuel Falcón Montero	25. "Crucero Baleares"
26. Manuel Fernández Rey	26. Castellón
27. Juan Piñón Chouza	27. Leganés
28. Juan Dopico Yáñez	28. Hospital de marina de Ferrol
29. Eugenio Paz Salgado	29. Jarama, Madrid
30. Ángel López García	30.
31. Manuel Benito Naveiras Canido	31. "Crucero Baleares"

Un 30% dos soldados recollidos nesta listaxe perderon a vida no cruceiro Baleares, símbolo da mariña franquista, que entre outros crimes bombardeou a estrada entre Málaga e Almería en febreiro de 1937, cando a poboación civil indefensa fuxía do exército sublevado e das camisas negras de Mussolini que chegaban a Málaga. É a coñecida "Desbandá". Os especialistas estiman en 5.000 asasinatos, moitos deles nenos e nenas, así como xente maior.

Trinta e un nomes utilizados durante décadas polo fascismo español en convivencia coa Igrexa católica para exaltar este réxime xenocida. Varias xeracións de crianzas do noso concello foron obrigados a cantar "Cara el sol" ante este infame monumento encabezado polo líder falanxista José Antonio Primo de Rivera e o grito de "Presentes".

A memoria dos vencedores ocupa todo o espazo público, mentres os milleiros de galegos e galegas asasinadas non existen, porque non foi rexistrada ou foi falseada a causa da morte, asunto en que bispos e curas tiveron unha destacada responsabilidade. A xerarquía eclesiástica bendiciu esta inmensa matanza de poboación civil emprendida por xentes "piadosas e de ben", os cales gozaron da máis absoluta impunidad para asasinar, torturar, violar e roubar. A perversa simbiose entre relixión católica e fascismo español lexitimou corenta anos de réxime ditatorial. Este monumento continúa a homenaxear os golpistas e perpetuar a humillación ás persoas que sufriron a represión e aos seus descendentes.



É unha obriga das administracións públicas retirar os elementos contrarios á Memoria Democrática e á dignidade das vítimas do franquismo. Na comarca de Ferrol levamos anos avanzando neste ámbito. Dous exemplos ilustrativos: o goberno de Vicente Irisarri eliminou da praza de Amboaxe de Ferrol unha cruz dos caídos e o tamén socialista Iván Puentes acometeu a mesma intervención na cruz dos caídos instalada ao pé da igrexa de Maniños en Fene.

Non podemos comprender as reiteradas escusas do goberno municipal de Neda. Estes quince anos de parálise demostran unha falta de compromiso cos valores democráticos e unha nula sensibilidade coas persoas que a raíz do golpe de Estado de 1936 foron perseguidas, encarceradas, torturadas e que mesmo perderon os seus bens e até a súa propia vida en defensa da democracia e a liberdade.

A Lei de Memoria Democrática de 2022 establece un “deber de memoria” por parte dos poderes públicos. No seu preámbulo afirma: “A cidadanía ten actualmente o dereito inalienable ao coñecemento da verdade histórica sobre o proceso de violencia e terror imposto polo réxime franquista, así como sobre os valores e os actos de resistencia democrática que levaron a cabo quen caeron vítimas da súa represión”.

O único que lle pedimos é que cumpra a lei. Por certo, promovida polos membros do seu propio partido.

**Por todo o anterior, solicita:**

1. A retirada inmediata do monumento falanxista da Toeira coñecido como “Cruz dos Caídos”.
2. A substitución do nome da rúa que homenaxea o alcalde franquista “Gerardo Luaces”.
3. Reservar unha partida no próximo orzamento a aprobar para poder executar estes traballos.

**ANEXOS**

1. Libro de actas do concello.
2. “Relación de los Caídos de Neda”.
3. Noticia en *El Correo Gallego*.
4. Listaxe de vítimas nedenses entre 1936 e 1939 da Ditadura franquista elaborada polo proxecto interuniversitario “Nomes e voces”.

A portavoz do grupo municipal PSdeG-PSOE, Sra. Pena Barcia, presenta una emenda á moción, do seguinte tenor literal:

**ENMIENDA DEL GRUPO SOCIALISTA A LA MOCIÓN PRESENTADA POR EL BNG DE NEDA POR LA RETIRADA DEL ESPACIO PÚBLICO DE LOS SÍMBOLOS DE EXALTACIÓN DE LA SUBLEVACIÓN MILITAR, DE LA**

## **DICTADURA Y DE SUS DIRIGENTES.**

DONA ANA ROSA PENA BARCIA, portavoz del grupo municipal del PSOE, al amparo de lo establecido en la normativa aplicable (art. 97 del ROF de las entidades Locales) eleva al Pleno de la Corporación para su debate y aprobación la siguiente:

### **ENMIENDA**

La ley de Memoria Democrática, efectivamente es una ley socialista, aprobada el día 5 de octubre de 2022, por cierto con la obtención del BNG, es una ley que toma el testigo de la Ley de Memoria Histórica de 2007, ley igualmente socialista, poniéndola al día e incorporando entre otras cosas, las recomendaciones de los distintos organismos internacionales de derechos humanos, e incluyendo las legítimas demandas del movimiento memorialista.

Una ley que proclama los principios de verdad, justicia, reparación y garantía de no repetición, o lo que es lo mismo, el deber de memoria, salda una deuda con las víctimas y se centra en la reivindicación y defensa de los valores democráticos, derechos y libertades fundamentales, repudiando y condenando de manera expresa el golpe militar de Julio de 1936 y la dictadura franquista, declarando no sólo nulo como hasta ahora, sino ilegal las condenas y sanciones que se dictaron, entre otras muchas cosas establece: el derecho a la verdad, crea un banco Nacional de ADN de víctimas, garantiza el acceso libre y universal a los fondos documentales referidos a la guerra y a la dictadura, se crea una comisión para el esclarecimiento de las violaciones de los derechos humanos durante la guerra y dictadura, se garantiza la investigación judicial de esas violaciones creando una fiscalía al efecto, se procede a auditar e inventariar incautaciones, se establecen sanciones económicas, se da un papel relevante a la mujer, a las violaciones de derechos, a la lucha de las mujeres desde una perspectiva de género, se establece la adquisición de la nacionalidad española para quienes sufrieron exilio, entre otros, y como elemento fundamental se recoge el deber de memoria, entrando el conocimiento de la historia y la memoria democrática en las escuelas, institutos y formación profesional, prohibiendo la exaltación del golpe de estado, de la guerra y de la dictadura; es decir, continuar, ahora de manera más amplia, devolviendo la dignidad a las víctimas que lucharon contra el fascismo, contra quien por la fuerza de las armas usurpó el legítimo gobierno republicano.

La ley de memoria Democrática es de obligado cumplimiento, como su predecesora Ley de Memoria Histórica, y al amparo de ella, la Junta de Portavoces de este Ayuntamiento el 19 de junio de 2017, acordó la creación de la Comisión Municipal referente al cumplimiento de la ley de Memoria Histórica y así en la Comisión de 5 de Marzo de 2018, se acordó, entre otras cosas, tal y como obra en tal acta, en informes y propuestas:

“ toma a palabra, en primeiro lugar a Concelleira, Sra. Pena Barcia... fai unha exposición do motivo da constitución desta comisión, e por último, indica que xa o anterior goberno socialista neste Concello, xa iniciara diversas actuacións nesta materia, quedando pendente o troco de denominación dalgunha rúa, a eliminación de placas de rúas, a Cruz dos Caídos ou calquera vestixio de simboloxía fascista, rematar coa exaltación dos

enfrentados, desde a reconciliación e promovendo charlas, simplemente para informar, para dicir a verdade do ocorrido, porque a memoria é un dereito absoluto.

En relación co monumento da Cruz dos Caídos, indica que ese monumento tería que ser un monumento para fomentar a concordia.

Seguidamente intervén a concelleira Sra. Bouza Bellón, expresando a coincidencia co manifestado pola compañeira de corporación, Sra. Pena Barcia e facendo especial fincapé na eliminación de algunha placa ( Xeral Mola), modificación da nomenclatura dalgunha rúa ( Xeneral Morgado) ou o fomento da concordia en relación co monumento denominado Cruz dos Caídos. Asimesmo propón a realización de charlas e diversas actuacións de sensibilización dirixidas ós veciños

A continuación intervén o concelleiro, Sr. Caaveiro Puentes, facendo especial fincapé na campaña de sensibilización e información ós veciños, das actuacións previstas por esta Comisión. Asimesmo expresa preocupación de como afrontar a retirada de placas, como a incrustada na fachada dunha vivenda particular (Avda. Xeral Franco)

por parte do asesor Sr. Maíz, fai unha exposición do proxecto que se está a acometer na comarca de Ferrolterra e eume-ortegal, da memorial de persoas asasinadas ou desaparecidas, e na que se incorporan veciños deste Concello. Seguidamente fai unha exposición histórica do monumento da Cruz dos Caídos, da similitude con outros monumentos da zona e dos veciños que figuran na placa. Asimesmo propón a investigación da data de aprobación polo concello da construción deste monumento e financiación do mesmo. Por último se suma á proposta da Sra. Pena Barcia, para o fomento da concordia a través do monumento da Cruz Dos Caídos e relacionando as inscricións das persoas en orde alfabético”

Eso fue lo acordado y lo que hay que terminar de llevar a efecto, la simple reirada tal y como recoge la moción del BNG implica el olvido, muy al contrario esta Ley ordena la verdad, la reparación, la justicia y la garantía de no repetición, que no es sino el deber de memoria, por lo que procede tanto en virtud de lo acordado, como por mandato legislativo resignificar cualquier espacio de memoria, pasando por la modificación, demolición o lo que proceda, pero nunca la retirada sin más, ese espacio tiene que ser para la memoria, para dignificar a todas las víctimas, jamás olvidando, porque el olvido es injusticiay eso no es una opción para una democracia y desde luego no es una opción para ningún socialista.

Por todo ello estimamos necesario para la aprobación de esta moción la sustitución del punto primero de la solicitud, siendo sustituido por la siguiente adicción:

1.- Proceder a la inmediata convocatoria de la Comisión Municipal de Memoria Histórica, a día de hoy de Memoria Democrática, a fin de que tras la exposición histórica realizada por los asesores, debatir y establecer las medidas necesarias: remodelaciones, retirada y sustitución, reasignación y demás que se estimen procedentes para a través del espacio donde se sitúa el monumento de la Cruz de los Caidos fomentar la concordia, de acuerdo

a la dignidad de todas las víctimas, a los principios de verdad, justicia, reparación y garantía de no repetición o deber de memoria, con pleno sometimiento a la legislación vigente y a lo acordado en la Comisión referenciada por ajustarse a la legislación.

**DEBATE:** ficheiro resultante da grabación audiovisual da sesión.

A portavoz do BNG, grupo proponente da moción, non acepta a emenda transaccional presentada polo PSdeG-PSOE, polo que se somete a votación á moción:

**VOTACIÓN:** O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, non presta aprobación á transcrita moción, con 2 votos a favor da aprobación dos Sres. Concelleiros de BNG e MOVENEDA, 9 votos en contra dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, e 2 abstencións dos Sres. Concelleiros de PP.

### **9º.-MOCIÓN DE MOVENEDA RELATIVA A ATENCIÓN PRIMARIA NA SANIDADE PÚBLICA GALEGA.**

O portavoz de MOVENEDA, Sr. Caaveiro Puentes, defende a moción do seguinte tenor literal:

#### **MOCIÓN:**

A Consellería de Sanidade, leva anos recortando e desmantelando os recursos da Sanidade Pública Galega, especialmente na Atención Primaria, coa finalidade de reducir gasto e favorecer á sanidade privada, que medra de maneira imparable. Paralelamente, os responsables do SERGAS son incapaces de planificar e xestionar a Atención Primaria, poñendo en risco a continuidade do sistema de Atención Primaria.

Entre outras cousas, as reducións de persoal, a prioridade pola consulta telefónica por riba da presencial, as dificultades para contactar cos centros e conseguir cita, o peche de consultas, centros e PAC, etc., impiden o acceso normal á asistencia sanitaria a poboación e crean listas de agarda inaceptables.

Como consecuencia do exposto, desapareceu da Atención Primaria a promoción, prevención, rehabilitación, participación e o traballo comunitario, mentres que o persoal está sometido a unha situación de presión, inestabilidade e precariedade, incompatibles cunha atención de calidade.

Por todo isto, o **Movemento Veciñal Neda – MOVENEDA**, e no seu nome o Voceiro do mesmo, formula a seguinte **MOCIÓN** a fin de que o Pleno se pronuncie sobre a mesma e adopte os seguintes **ACORDOS**:

Apoiar a Iniciativa Lexislativa Popular promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, integrada por organizacións sociais, sanitarias, de pacientes, sindicais e políticas, que pretende: que o Parlamento Galego, debata e aprrobe unha serie de medidas:

- Establecer a atención presencial ao paciente como regra xeral para as consultas médicas.
- Fixar uns mínimos, na dispoñibilidade de centros e persoal por habitante, para salvaguardar a calidade da atención aos pacientes.
- Acabar coa inestabilidade e precariedade do persoal e realizar, como mínimo, unha convocatoria anual de prazas.
- Reabrir as consultas, Centros de Saúde e PAC de Urxencias pechados durante os últimos anos.
- Incrementar o persoal médico, de enfermaría, administrativo dos centros de saúde e redimensionar os seus cadros de persoal, incorporando novas categorías profesionais aos equipos como psicoloxía, fisioterapia, atención temperá, logopedia, etc., para desmedicalizar a atención e ofrecer unha asistencia integrada.
- Recuperar as Xerencias de Atención Primaria para dotala de capacidade de planificación e autoxestión e acabar co seu sometemento aos hospitais. Que sexan o elemento esencial para organizar e integrar a Atención Primaria cos hospitais, saúde pública, asistencia social e atención á dependencia.
- Desenvolver as conclusións do Consello Técnico de Saúde de Galicia.
- Poñer en marcha o Consello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria, para que a poboación teña capacidade real de planificar, decidir e avaliar a actividade dos centros.

Todas estas medidas, recollidas na ILP, deberían aprobarse de maneira urxente polo Parlamento de Galicia (dada a gravidade da situación da Atención Primaria, en risco real de desmantelamento e privatización) e ir acompañadas dun incremento do orzamento de Atención Primaria ata alcanzar o 25% do total.

As institucións locais, somos esenciais no proceso de recuperar os recursos, garantir a accesibilidade á asistencia, desmasificar as consultas, reabrir os centros e PAC pechados e acabar cas listas de espera que son incompatibles cunha asistencia racional e de calidade, antes de que sexa demasiado tarde.

Por este motivo acordamos, ademais de apoiar a ILP, colaborar activamente na recollida de sinaturas e nas mobilizacións e actividades informativas de carácter unitario que se realicen, para ter unha Atención Primaria de Calidade.

**DEBATE:** ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

**VOTACIÓN:** O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á transcrita moción, con 11 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, BNG e MOVENEDA, e 2 votos en contra dos Sres. Concelleiros do PP.

### **10º.-DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 25 N.**

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade acorda aprobar a seguinte declaración institucional:

## **MANIFESTO CONCELLO DE NEDA 25 NOVEMBRO**

Cada 25 de novembro o mundo conmemora o Día Internacional de eliminación da Violencia contra as mulleres, e cada 25 de novembro, o Concello de Neda únese ao compromiso de millóns de mulleres e homes a favor xustiza e a igualdade que un día como hoxe alzan a voz contra a violencia machista.

A violencia machista segue totalmente presente na nosa sociedade. A proba disto son os datos recentes dados a coñecer a mediados de outubro por parte do Observatorio do Consello Xeral do Poder Xudicial que indicaba que os xulgados galegos recibiron no segundo trimestre de 2022 ata 1.813 denuncias por violencia machista, un 9,9% máis que no mesmo período de 2021.

Ademais da preocupación pola vixencia da violencia machista, o contexto de 2022 engade a incerteza dunha situación económica na que a escalada de prezos que se vive desde hai máis dun ano impacta con virulencia nas mulleres, afondando na desigualdade.

Os grupos municipais do Concello de Neda compartimos a dor e o sufrimento de tantas mulleres que sofren violencia, das súas fillas e fillos, nais, país, familiares e amizades. Somos conscientes de que o camiño cara á igualdade e cara a unha sociedade libre de toda violencia aínda é longo e sempre contribuiremos a poñerlle fin a esta lacra.

Por iso hoxe queremos lembrar a Sara, Mónica, Claudia Abigail, Mercedes. Lobna, Isabel, María Ángeles, Ivet, Victoria Cristina, Teodora, África, Natalia, Ouardia, Clotilde, Florina, Maite, Eva María, Luisa María, Diolimar, Gemma, Virginia, Amparo, Mari Nieves, Cristina, Trinidad, Abigail, Eva María, María del Carmen, Anna, María Luisa, Débora, Raquel, Esther, Adoración, Imane, Irina... e tantas outras mulleres que foron asasinadas neste ano.

O 25 de novembro, fronte a quen negan a existencia dunha violencia específica contra as mulleres polo feito de ser mulleres, o Concello de Neda está no seu compromiso coa igualdade, liberdade e seguridade das mulleres do noso país. Porque non é posible un país democrático se as mulleres teñen medo e sofren violencia.

### **FORA DA ORDE DO DÍA**

Previa ratificación da urxencia por unanimidade, ao abeiro do preceptuado no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, o Pleno coñece do seguinte punto:

### **ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

O Pleno coñece da acta número 4 da Mesa de contratación designada para asistir ao órgano de contratación na adxudicación deste contrato, na que, entre outros extremos, consta o seguinte:

“Este órgano, en sesión celebrada el día 15/09/2022, procedió a la apertura de los sobres electrónicos accediendo, desde el ordenador del servicio de contratación, al perfil de contratante que esta entidad local tiene alojado en la Plataforma de Contratos del Sector Público y, una vez examinada la documentación administrativa, acordó admitir la oferta presentada por la mercantil ATTENDE CARE, S.L. y de conformidad con el Artículo 141 de la vigente Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, requerir a la mercantil OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L., para que en un plazo de tres días hábiles corrigiese el defecto observado presentando el Documento Europeo Único de Contratación.

Esta Mesa, en sesión celebrada el día 22/09/2022, previo examen de la documentación presentada por la mercantil Osventos Innovación en Servicios S.L. en contestación al requerimiento efectuado por este órgano, acordó admitir su oferta, realizándose seguidamente, en acto público, la apertura de los sobres electrónicos conteniendo las ofertas presentadas por las dos empresas que participan en este procedimiento de adjudicación, acordándose el traslado de las mismas a informe de valoración de los Servicios Técnicos del Ayuntamiento, así como su publicación en el perfil del contratante de esta entidad local.

La Mesa de Contratación, en sesión celebrada el día 05/10/2022, conoció el informe de valoración emitido por el Arquitecto municipal, el 29/09/2022, y acordó:

1º.- Clasificar las proposiciones presentadas por orden decreciente de las puntuaciones obtenidas, según la relación que se recoge en el siguiente cuadro:

Nº. Orde	LICITADOR	PUNTOS
1	OSVENTOS INNOVACION EN SERVICIOS S.L.	3,16
2	ATTENDE CARE S.L.	0,13

2º.- Proponer la adjudicación del contrato a favor de OSVENTOS INNOVACION EN SERVICIOS S.L., por ser el candidato con mejor puntuación.

3º.- Trasladar esta propuesta al órgano de contratación.

El Pleno del Ayuntamiento (Órgano de Contratación) en sesión celebrada el día 07/11/2022, aprobó la propuesta de adjudicación formulada por la Mesa de contratación y acordó requerir al licitador propuesto para que, dentro del plazo de diez días hábiles, a contar desde el siguiente a aquel en que reciba el requerimiento, presentase la documentación justificativa de las circunstancias a las que se refieren las letras a) a c) del apartado 1 del artículo 140 si no se aportase con anterioridad, tanto del licitador como de aquellas otras empresas la cuyas capacidades se recurra, sin perjuicio del establecido en el segundo párrafo del apartado 3 del citado artículo; de disponer efectivamente de los medios que se hubiera comprometido a dedicar o adscribir a la ejecución del contrato

conforme al artículo 76.2; y haber constituido la garantía definitiva por importe de 226.776,00 €, en aplicación de lo previsto en la cláusula 11 del pliego de cláusulas administrativas particulares por el que se rige esta contratación, por cualquiera de los medios a que se refiere el art. 108 LCSP.

Efectuado dicho requerimiento, el licitador presenta con fecha do 22/11/2022 la documentación requerida, incluida por lo tanto la garantía definitiva por importe 226.776,00 €, constituida mediante contrato de seguro de caución, celebrado con la entidad Compañía Española de Seguros de Crédito a la Exportación, S.A. Compañía de Seguros Reaseguros, S.M.E., (cesce) según certificado nº. 2022/45901/1, de la póliza abierta de seguro de caución nº. 1009501, de la que es parte integrante, expedido en Madrid el día 10 de noviembre de 2022.

Una vez examinada la referida documentación y encontrándola conforme con lo exigido en los pliegos de cláusulas administrativas particulares que rigen esta contratación la Mesa, por unanimidad, formula la siguiente propuesta:

1º.- Adjudicar el procedimiento abierto con un único criterio de adjudicación, factor precio, para la prestación del servicio de: “SERVIZO DE AYUDA A DOMICILIO EN LAS MODALIDADES DE DEPENDENCIA Y BÁSICA O LIBRE CONCURRENCIA”, a la entidad OSVENTOS INNOVACION EN SERVICIOS S.L., en el precio por hora ofertado que seguidamente se indica, IVA excluido:

HORA ORDINARIA	HORA EXTRAORDINARIA.
17,14 €	17,60 €

2º.- Disponer el gasto con cargo a la partida 231 227.99 del presupuesto de gastos.

3º.- Informar al adjudicatario que, conforme lo establecido en el artículo 153.3 de la LCSP, la formalización del contrato no podrá efectuarse antes de que transcurran quince días hábiles desde que se remita la notificación de la adjudicación a los licitadores y candidatos. Por lo que, en su momento, será requerido por los servicios dependientes del órgano de contratación para que formalice el contrato en plazo no superior a cinco días a contar desde el siguiente a aquel en que hubiera recibido el requerimiento, una vez transcurrido el citado plazo sin que se hubiera interpuesto recurso que lleve aparejada la suspensión de la formalización del contrato.

4º.- Notificar esta adjudicación a los licitadores.

5º.- Autorizar expresamente al Sr. Alcalde para la firma de todos los documentos relacionados con la ejecución del presente contrato”.

**DEBATE:** ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.



**VOTACIÓN:** O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 9 votos a favor dos Sres. Concelleiros do PSdeG-PSOE e 4 abstencións dos Sres. Concelleiros do PP, BNG e MOVENEDA, acorda aprobar a anterior proposta, quedando convertida en acordo nos termos que queda supra transcrita.

**11º.-ROGOS E PREGUNTAS.**

Constan en ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as catorce horas e cinco minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde

O Secretario Xeral